

ANTROPOLOXÍA (materia optativa en 1º BAC)

1.- Obxecto da antropoloxía: Estudo do ser humano

2.- Ramas da antropoloxía

2.1.- **Antropoloxía física ou biolóxica:**

- Fundamentalmente estudo da evolución da nosa especie: Nace no XIX, asociada ao evolucionismo de Darwin. Estuda osos e restos humanos

2.2.- **Antropoloxía cultural:**

- Estuda as culturas, comeza pola etnografía (descripción dunha cultura)
- Inicialmente estuda sociedades exóticas e tradicionais
- No XIX o colonialismo favorece o interese por outras culturas
- En Galiza e outros países europeos os comezase a estudar as súas orixes a partir do XIX
- Os procesos de modernización fan que hoxe estude tamén sociedades modernas
- Especialízase a partir de mediados do XX: antropoloxía económica, política, do parentesco, da educación...

2.3.- **Antropoloxía filosófica:** Reflexión sobre o ser humano, dende a filosofía grega (século V).

Outras disciplinas:

Arqueoloxía: estudo de restos materiais (ferramentas, construcións...); Antropoloxía lingüística: estudo da linguaxe humana ; Antropoloxía aplicada: como a antropoloxía médica ou a antropoloxía para o desenvolvemento.

Saídas profesionais: Arqueoloxía, Antropoloxía forense (estudo de restos humanos recentes), Primatoloxía (estuda o comportamento dos primates), Paleontoloxía humana (estuda os restos fósiles dos humanos primitivos). Moi relacionada ca Socioloxía, a Filosofía e a Psicoloxía.

AVALIACIÓN: nesta materia teñen un peso importante as actividades (traballo persoal) e o traballo colaborativo. Tamén se fai unha proba escrita por avaliación dos contidos máis importantes.

